


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

5 - 6 de marzo do 2022

I SEMANA DO TEMPO DA CORESMA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 3 Unha xuntanza de amor* estrofa 3

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Estamos comezando o tempo de coresma, e a nosa andaina como cristiáns vai realizarse coa vivencia de cinco semanas coa compañía desta dona Coresma. Ela vai a indicarnos os pasos que temos que dar para poder chegar a vivir con Xesús a súa Pascua, porque hai cousas que sobran, e cada semana, da man de Xesús, imos ir descubrindo o que necesitamos arrincar da nosa vida.

Hoxe no Evanxeo contemplaremos como Xesús tamén ten que superar tentacións para facer o seu camiño.

Esas mesmas tentacións son as que temos nós cada día. Verdade que todos queremos quedar sempre por enriba dos outros? Verdade que queremos ser e ter máis que os demais? Verdade que todos queremos quedar ben?.

Agora, como parroquia, convídasenos a superar as tentacións, a levantarnos e a seguir camiñando aínda que ás veces esteamos feridos, como feridos nos sentimos nesta guerra que contemplamos con asombro.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Agora pómonos nas mans do Pai, porque o seu corazón está cheo de agarimo, e co seu perdón axúdanos a erguernos e a seguir o noso camiño cara a Pascua. Deixémonos perdoar por Deus e perdoémonos uns a outros. Xuntos rezamos:*

Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente e tamén diante de vós, irmáns, pois teño pecado moito de pensamento, de palabra, de obra e de omisión; pola miña culpa, pola miña culpa, pola miña grandísima culpa, por iso lle pido á benaventurada Virxe María e a todos os anxos e santos do ceo, e a vós tamén, irmáns, que rogues por min a Deus, noso Pai.

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, de todos os que sofren e non atopan nin respecto, nin comprensión, nin paz nas súas vidas. A todos, o Señor, nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo hoxe doídos con todo o que está pasando coa guerra de Rusia contra Ucraia.*

Celebrante:

Deus, Noso Pai, celebramos un ano máis os días de coresma e xa temos posta a mirada na Pascua do teu Fillo. Concédenos que as vivencias destes días coas feridas da guerra nos leven a comprender mellor o misterio da fraternidade e da paz de Xesús, e a seguir o seu camiño para termos parte nos pasos da súa Pascua, que tamén é a nosa.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A Palavra de Deus que agora imos escoitar vainos axudar a entender a coresma como oportunidade de mellorar, porque hai cousas que necesitamos arrincar da nosa vida pois alónxannos de Deus e dos demais. Alónxanos a violencia e a guerra escandalosa que se vive en Ucraia, e alónxannos as tentacións de ter e querer ser máis que os demais. Escoitemos o que esta Palavra nos aconsella.*

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS ROMANOS

Irmáns e irmás:

Que di positivamente a Escritura?

- Cerca de ti está a palabra, na túa boca e no teu corazón.

Esa é a palabra da fe que anunciamos. Porque, se confesas coa túa boca que Xesús é Señor e cres de corazón que Deus o resucitou dos mortos, serás salvo. Pois é crendo co corazón como se chega á xustificación; e é confesando coa boca como se chega a salvación. Porque di a Escritura: todo o que crea nel non quedará defraudado. Pois non hai diferenza entre o xudeu e o grego, xa que un mesmo é o Señor de todos, rico para todos os que o invocan; porque todo o que invoque o nome do Señor será salvo.

Palabra do Señor

🎵 *nº 50 Na tardiña baixa da vida SALMO*

(*en pé*) *Leccionario I C páx 61 Lc 4, 1-13 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, Xesús, cheo de Espírito Santo, voltou do río Xordán, e o Espírito levouno deserto adiante, durante corenta días, onde o tentou o Satán. Naqueles días non probou bocado, pero ao cabo deles sentiu fame. E díxolle o Satán:

- Se es o Fillo de Deus, manda que estas pedras se volvan pan.

Respondeulle Xesús:

- Está escrito: O home vive de algo máis que de pan.

Despois levouno a un outeiro e mostroulle nun intre todos os reinos do mundo. Díxolle o Satán:

- Dareiche todo o seu poder e toda a súa gloria, porque mos entregaron a min e doullos eu a quen quero: Se me adoras todo será teu.

Respondeulle Xesús:

- Escrito está: Adorarás ao Señor, o teu Deus, e só a El darás culto.

Levouno logo a Xerusalén e plantouno no cumio do templo e díxolle:

- Se es o Fillo de Deus, bótate de aquí abaixo, que está escrito: Mandará aos seus anxos para que te garden; e tamén: Levarate nas súas mans para que non se manquen os teus pés nas pedras.

Xesús respondeulle:

- Está mandado: Non tentarás ao Señor, o teu Deus.

E rematadas as tentacións, o Satán deixouno ata o tempo axeitado.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Que nos propomos nesta
Coresma
con “dona coresma”?

Con ela imos ir descubrindo, cada semana, que hai cousas que necesitamos arrincar na nosa vida, porque non todo vale. É arrincar algunha desas cousas que afean a nosa vida, algunha desas actitudes que nos fan ruíns, algunha desas actitudes que nos alonxan do proxecto de irmandade de Xesús: “amar a Deus e amarnos coma irmáns”.

Hoxe arrincámoslle á nosa coresma esta perna. **(Arrincamos a perna da 1ª coresma)**. É a perna da tentación de ter, querer e poder máis que os demais.

Ten moito que ver coa guerra en Ucraia, que tanto nos escandaliza estes días. A guerra non é máis que querer ser máis que os demais, custe o que custe. Estamos escandalizados, e necesitamos camiños novos porque a guerra nunca é maneira de facer.

Ao arrincar esta perna descubrimos unha maneira nova de vivir **(collemos o “remendo” que está no sobre que vai pegado na perna que lle arrincamos á nosa “dona coresma”, colgamos a perna na pinza, e pegamos o remendo na saia da vella)**.

Temos arrincado algo que nos sobra, a tentación de querer ser máis que os demais, e temos cosido DIÁLOGO E PAZ.

Mellor irá a vida se a cosemos con diálogo e paz.

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial querendo mellorar a vida dende o diálogo e a paz, compartimos a fe. Dicimos

SI CREEMOS

Monitor/a:

Credes en Deus, Pai e Nai,
que con misericordia nos acolle e nos perdoa?

SI CREEMOS

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido,
que nos convida a ser diálogo e paz para os demais
compartindo e fuxindo de actitudes violentas?

SI CREEMOS

Credes no Espírito Santo,
que nos alenta para vencer as tentacións do ser,
do ter, e do poder, sendo xentes de ben e de paz?

SI CREEMOS

Credes na igrexa,
a comunidade dos homes e mulleres que queremos facer
nosa a PASCUA de Xesús, e por iso non podemos
entender, nin esta, nin ningunha guerra?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Movidos pola fe que compartimos acudimos ao Pai conscientes das nosas tentacións, necesitados do diálogo e a paz, e confiándonos ás súas mans cheas de agarimo. Digamos

PAI, PÓMONOS NAS TÚAS MANS

Monitor/a:

- ✓ Pola Igrexa, por cada parroquia, por cada cristián, para que vivamos a coesma como tempo de DIÁLOGO E PAZ. Oremos
- ✓ Polas xentes de Ucraia que o están pasando tremendamente mal, feridos nunha guerra que nos escandaliza e que non podemos entender. Oremos
- ✓ Polas persoas que se esforzan por mellorar a vida compartindo e dando unha man, así dannos exemplo para nós facelo mellor. Oremos
- ✓ Pola Igrexa, para que nunca cale os abusos, e para que denuncie e condene con xustiza a quen se aproveita e se aproveitou da propia igrexa para abusar. Oremos
- ✓ Polos gobernantes, para que superando a tentación do poder e a violencia, traballen polo DIÁLOGO E A PAZ entre todas as persoas. Oremos

Celebrante: Señor, Ti que sempre nos escoitas, dános unha man para chegar da coesma á Pascua. Pedímoscho por Cristo, noso Señor. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Imos rezar dicindo: “non nos deixes caer na tentación”, pero sabemos que moitas veces rezamos de forma rutineira ou coa boca pequena. Hoxe queremos facelo de forma consciente e sabendo que este rezar nos compromete para a PAZ:

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: Díxonos San Paulo na carta de hoxe: “non hai diferenza entre xudeu e grego”. Nós dicimos que tampouco hai diferenza entre home e muller, tampouco a hai cos refuxiados, nin cos veciños e veciñas de Ucraia. Escandalizados pola guerra desexamos que se refagan os camiños da paz.

COMUÑÓN

Celebrante: Participar na celebración é comprometerse a construír un mundo compartido. O camiño é o amor e facelo ben para superar as tentacións.

Ditosos, benaventurados nós, convidados a este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 n° 42 **Quen nos vai separar de Ti?**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Señor, Noso Pai, ti animáchesnos coa túa Palabra, amosáchesnos o camiño que achega ao diálogo e á paz, e alimentáchesnos co pan da vida. Así enchemos a nosa fe, facemos medrar a esperanza e enfortecemos a caridade.

Axúdanos a ter sempre fame do evanxeo de Xesús, e a esperarmos cun corazón alegre e purificado a celebración da Pascua que deu sentido á súa vida e enche as nosas.

Pedímoscho por El, noso irmán e Señor, que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

Con Xesús quixemos arrincar o que non nos deixa camiñar con dignidade. Quixemos deixar atrás as tentacións, para coser a nosa vida en DIÁLOGO E PAZ.

Con Xesús queremos mellorar a vida lonxe das tentacións de poder, ser e ter máis que os demais.

Con Xesús queremos dar pasos de Coresma para vivir PASCUA, resucitando a unha vida nova de amor, xustiza e paz. E ENTÓN SEREMOS XENTE DE BEN.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa coresma e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.



“Na vida arrincamos as tentacións e cosemos o DIÁLOGO E A PAZ”

Facendo camiño da Coresma á Pascua con Cristo

